

MPN/ecp

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCION:

Vista a proposta de resolución da xefa do servizo de Cooperación que é do seguinte teor literal,

“SERVIZO DE COOPERACIÓN

PLAN CONCELLOS 2021 LIÑA 1

NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2021017416

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BROCOS”

BENEFICIARIO: Concello de AGOLADA

ASUNTO: Concesión de subvención; compromiso de gasto que importa 58.813,20 euros (anualidade 2021)

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.
- Este Plan aprobado baixo o procedemento de concorrència non competitiva, está dotado con trinta millóns de euros (30.000.00,00 euros) para a Liña 1. Investimentos en obras e servizos de competencia municipal, na aplicación orzamentaria 21/942.9425.762.45 da Deputación para este exercicio.
- Estas cantidades repártense entre os concellos en base ao grupo ao que pertenzan, en proporción á poboación, superficie, aos núcleos de poboación e a densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos, segundo as porcentaxes indicadas nas Bases para cada grupo de concellos.
- Mediante Resolución Presidencial de 20/01/2020, núm. 2021000290 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2021 tamén se comunica a relación de débedas que ten o concello coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Responde isto ao fin de que se paguen as débedas antes de presentar as solicitudes. E no caso de non facelo, os concellos solicitan a subvención polo importe neto e o organismo provincial



procede de oficio á detración das débedas ata anulalas na súa totalidade, o que precisa da correspondente resolución presidencial.

- Para a Liña 1 da subvención cada concello destinará unha porcentaxe mínima sobre a contía asignada no 2021, sendo esta a do 70,96%. Non obstante, os concellos poderán destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1, unha vez compensada, de ser o caso, a débeda contraída coa institución provincial, a incrementar o importe das Liñas 2 e/ou 3, sempre e cando as propostas estean relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación.
- Por outra banda, como as medidas de contención sanitaria, están a supor unha hibernación da actividade económica de numerosos sectores con importantes perdas de ingresos, de forma excepcional, os concellos que así o soliciten poden, adicionalmente, destinar ata o 20% da cantidade asignada na Liña 1 (6.000.000 euros) para establecer unha liña de axudas para aqueles sectores ao acubillo da Liña 2. E como colofón, as cantidades que os concellos non utilicen das Liñas 2 e 3 poderanas usar para facer investimentos (Liña 1).
- Segundo a Base Oitava do Plan Concellos 2021, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (planeamento urbanístico e estudos de planificación estratéxica) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 LBRL.
- O Concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van a executar os investimentos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou de cesión sobre estes; sendo imprescindible que en ditos bens se realicen actividades ou se presten servizos de competencia municipal.
- Se os proxectos para a súa realización precisasen autorizacións da Deputación ou doutras administracións públicas, o Concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou xuntando os correspondentes documentos. Neste caso a subvención é condicionada a que o Concello xustifique a súa obtención.
- Como novidade no POS 2021, cando unha solicitude ven acompañada dun proxecto ou documento técnico que está supeditado á obtención dunha autorización sectorial pedida ante o organismo correspondente, permítese que a súa aprobación formal se adie ata o outorgamento da preceptiva autorización. Entón o concello ten a obriga de presentar a resolución ou acordo da aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e a autorización correspondente xunto coa primeira xustificación.
- Os investimentos han de ter un orzamento igual ou superior a vinte mil (20.000,00 euros), incluído o IVE. No caso das subministracións, que deberán ter un carácter singular e natureza inventariable, o importe de cada expediente de solicitude será como mínimo de 5.000,00 euros. O orzamento pode agrupar conceptos subvencionables de distinta natureza.
- É subvencionable a compra de bens ou equipamentos relacionados coa prestación de servizos municipais. O resto das subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo



deberán integrarse nun proxecto de investimento. Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables.

- En data 05/04/2021 por rexistro WEB2021014155 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2021, petición do Concello de AGOLADA na que solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención por importe de 58.813,20 euros con destino ao financiamento do investimento "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BROCOS", cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento, € | Subvención, € | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, € |
|------------|--------------|---------------|--|
| 2021 | 58.813,20 | 58.813,20 | 0,00 |

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar así como o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, constando no expediente contestación do servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra que indica que carece de competencias para informar a mellora do vial no que se pretende actuar.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2021 agás no que se refire ao establecido na base décimo segunda respecto das autorizacións sectoriais e achega a documentación requirida. O concello, precisa da autorización de Augas de Galicia, aportando ao efecto a súa solicitude con rexistro de entrada ante dito organismo en data 19/05/2021, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polas ou polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigos 17 e ss. da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión mediante concorrencia.
- Bases reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2021 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base reguladora 5ª a 7ª do Plan Concellos 2021, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2021 que recollen a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, que dispón que “na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia”.

Procedencia económica da subvención no eido das competencias municipais:

- A atribución de competencias propias aos concellos faise no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con carácter bifronte. Isto supón que os municipios precisan da previsión legislativa ben do Estado ben da Comunidade Autónoma para desenrolalas. Sen embargo, no artigo seguinte, o 26, xa se precisa que hai unha serie de competencias que necesariamente os concellos han de satisfacer, unhas con independencia do número de habitantes, e outras cando se van superando cadanseu banzo demográfico. A peculiaridade deste precepto, a primeira vista, é que se non se implantan vense a facultar aos veciños para demandar a súa prestación amais da súa cobertura orzamentaria, artigos 18.g) da propia Lei 7/1985, e 170 da RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Sen embargo, o lexislador sectorial tamén pode imprimirlle aquel carácter de obrigatoria prestación a cargo dos concellos noutras materias, o que fará que beban da mesma forza de implantación.
- O Plan Concellos 2021 respecta os dous escenarios legais nos criterios de oportunidade que se amosan cando os concellos presentan as súas solicitudes de subvención, pero tamén o fai baixo o prisma actual e periférico á situación de pandemia seguindo o ditado do Plan de Acción sobre a Financiación do Crecemento Sostible e as Conclusións do Consello da Unión Europea da Inversión Pública 2020/C 412 1/01, e en concreto o Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 (DO L 198 de 22.6.2020).



CONCLUSIÓNS

A solicitude do concello de AGOLADA relativa ao financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BROCOS” foi presentada dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan Concellos 2021, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 58.813,20 euros, cun orzamento polo mesmo importe.

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na base 8ª, da LIÑA 1-INVESTIMENTOS, sendo competencia municipal.

Visto que o enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación emitiu, en data 01/09/2021, informe favorable de supervisión e control do documento técnico descritivo das actuacións a levar a cabo.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE o expediente do concello de AGOLADA e PROPOÑO que lle sexa concedida unha subvención por importe de 58.813,20 euros con destino ao financiamento da actuación “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BROCOS” (exp.:2021017416), cun orzamento polo importe de 58.813,20 euros. Non obstante, ao estar pendente de resolución, no momento de presentarse a solicitude de subvención, a autorización de Augas de Galicia, a concesión da subvención debe quedar condicionada a que o Concello acredite, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, que posuía a preceptiva autorización necesaria para a normal execución do investimento.

A concesión realizarase contra a aplicación 21/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido nas Bases Específicas de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 34 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Tendo en conta o exposto e visto o informe da intervención provincial, de data 13/09/2021, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- Conceder ao Concello de AGOLADA CIF P3602000F a cantidade de 58.813,20 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN BROCOS” cun orzamento polo mesmo importe, distribuída segundo a seguinte táboa:



| Anualidade | Orzamento, € | Subvención, € | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, € |
|------------|--------------|---------------|--|
| 2021 | 58.813,20 | 58.813,20 | 0,00 |

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable de Augas de Galicia, por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2021/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm.1 de 04/01/2021 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado o 30/11/2022 e xustificado, na súa totalidade a 31/12/2022. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao Concello de AGOLADA, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

(documento asinado electronicamente á marxe)

